



ANUARIO
DE ESTUDIOS
LITERARIOS
GALEGOS



DIRECTOR

Xoán González-Millán

DIRECTORA ADXUNTA

Dolores Vilavedra Fernández

CONSELLO DE REDACCIÓN

Diana Conchado
Xosé M. Dobarro
Ramiro Fonte
Helena González
Kathleen March
Camino Noia
Xosé R. Pena
Claudio Rodríguez-Fer
Joaquim Ventura
Damián Villalaín

CONSELLO ASESOR

Xesús Alonso Montero (Univ. de Santiago)
Ivo Castro (Univ. de Lisboa)
Itamar Even-Zohar (Univ. Tel-Aviv)
Anna Ferrari (Univ. de Roma)
Claude H. Poullain (Univ. de Nice)
Antón Risco (Univ. de Laval-Québec)
John Rutherford (Univ. de Oxford)
Giuseppe Tavani (Univ. de Roma)
Pilar Vázquez Cuesta (Univ. de Santiago)

DESEÑO

F. Mantecón

Índice xeral

I. ESTUDIOS

- Cuestións históricas e teóricas en *O Mariscal* de R. Cabanillas e A. Villar Ponte. *Xosé M. Fernández Castro* 11
- A música da lírica galego-portuguesa medieval: un labor de reconstrución arqueolóxica e intertextual a partir das relacións entre o texto e a música. *Antoni Rossel* 41
- A cultura latina nos autores e autoras galegos. *Andrés Pociña*..... 77
- Texto dramático, texto espectacular e texto teatral. Apuntamentos para unha teoría xeral da obra dramática. *Manuel F. Vieites*..... 103

II. COMUNICACIÓNS

- De impurezas, epitafios e balbordos. Lectura non só sistémica de *Fascinio*, de Chus Pato, nas coordenadas líricas dos 90. *Arturo Casas*.. 129
- Os camiños narrativos de Vicente Risco. *Olivia Rodríguez González* .. 149

III. PANORÁMICAS

- O ensaio. *Ramiro Fonte* 165
- A nosa literatura infantil e xuvenil: PA (progresá adecuadamente). *Xosé A. Neira Cruz / Xosé-Victorio Nogueira Barcia* 171
- Publicacións sobre literatura medieval galega. *Xosé Bieito Arias Freixedo*..... 179
- Narrativa do 96: unha colleita plural. *Dolores Vilavedra*..... 187

* Da poesía no ano da morte de Lois Pereiro. <i>Helena González Fernández</i>	193
* Literatura dramática: entre o desexo e a necesidade. <i>Manuel F. Vieites</i> . ..	201
* Traducción literaria ó galego durante o ano 1996: un panorama esmorecente. <i>Gonzalo Constenla Bergueiro</i>	211

IV. LIBROS

* Xoán González-Millán. <i>Lecturas alleas. Sobre das relacións con outras culturas.</i> Antón Figueroa.	223
* María Xesús Lama. <i>A Xeración Galaxia.</i> Francisco Fernández del Riego	228
* Rexina R. Vega. <i>A narrativa galega actual (1975-1985).</i> X. González-Millán	231
* Silvia Gaspar. <i>O paxaro que canta un nome.</i> Xavier Lorenzo Tomé..	234
* Pedro Hernández Hernández. <i>Deus sentado nun sillón azul.</i> Carlos Casares.....	236
* Camino Noia. <i>Erros e Tánatos.</i> Gonzalo Navaza	241
* Joaquim Ventura. <i>Conta saldada.</i> Suso de Toro	245
* Kathleen March. <i>Livro das devoracións.</i> Pilar Pallarés	248
* Andrés Pociña. <i>Vida secreta de Rosalía.</i> Luz Pozo Garza	251
* Teresa Seara. <i>As certezas do clima.</i> Miguel Anxo Fernán-Vello.....	255
* Miro Villar. <i>Alta casa.</i> Helena de Carlos	260

V. COMPENDIO BIBLIOGRÁFICO ANUAL

1. Bibliografías	265
2. Anuarios	266
3. Antoloxías	266
4. Creación	268
5. Reedicións de obras importantes anteriores a 1996	275
6. Traducións.....	277
7. Historia e crítica	280
8. Teses.....	300
9. Publicacións periódicas.....	300

Cuestións históricas e teóricas en *O Mariscal*¹

Xosé M. Fernández Castro

A figura histórica do Mariscal don Pedro Pardo de Cela dá pé a todo un ciclo heroico ou lendario transmitido a través de variadas linguaxes dentro da tradición galega.

Un dos traballos máis interesante feitos nesta liña é o realizado por Antón Villar Ponte coa colaboración de Ramón Cabanillas. Destaca nel a complexa estratexia de mitificación deseñada polos autores. Achegarémonos a ela observando elementos sobranceiros da construción do texto dramático, pero tamén repasando o ambiente cultural do momento, especialmente reflexionando sobre a importancia dada ó teatro interior das Irmandades da Fala.

Tratamos de dar unha visión de conxunto integrando as perspectivas histórica e teórica, non coa intención de esgotar o asunto, senón máis ben coa de sinalar un camiño pouco explorado.

A Reinante. Terra Mindoniense.

I. CUESTIÓNS HISTÓRICAS

1. *A importancia histórico-literaria de Pardo de Cela*

Nas periodizacións establecidas ó uso para a Historia da Literatura Galega véñse empregando un fenómeno histórico extraliterario para marcar o inicio do longo período acumado ilustrativamente como Séculos Escuros. O feito instrumentalizado é a decapitación do Mariscal e Conde don Pedro Pardo de Cela acontecida a dezasete días do mes de decembro do ano 1483. É evidente que se trata dunha convención, xa que por máis que se queira o feito da decapitación non é en si mesmo unha obra literaria que abra as portas dun período, que anticipe unha estética, que sente as bases dun xeito peculiar de comprender o universo, nin nada polo estilo. Semella admitido entre os nosos historiadores da literatura que unha nova concepción do Estado promovida polos Reis Católicos está na base do retraemento das nosas letras e na liquidación da aristocracia de raíz galega. A morte do Mariscal é consecuencia da mesma política que decapitará as nosas letras, polo que a súa transposición ó terreo da Historia da Literatura Galega é un recoñecemento do valor simbólico da súa figura na historia da nosa cultura (Tarrío 1988: 14).

Semellante consenso entre os eruditos é un índice do interese da cuestión de fondo: ¿como é posible que a figura histórica do Mariscal acadase esa relevancia cul-

1. Debo agradecer a colaboración dos profesores Alfredo Rodríguez López-Vázquez, Miguel-Anxo Fernández Roca e Luciano Rodríguez; sen eles nada valería o presente traballo.

tural? A resposta, de igual xeito que o proceso que nos levou ó actual estado de cousas, non pode ser simple. O obxectivo do noso traballo será tratar de deitar un chisco de luz neste asunto.

2. *A actualidade do século XV*

A historia do século XV galego ten unha especial relevancia para os que a contemplamos desde os presupostos éticos contemporáneos da liberdade, igualdade e fraternidade consagrados coa Revolución Francesa. A nosa identificación cos principios revolucionarios fai que ollemos con simpatía as famosas *revoltas irmandiñas*, e que mesmo nos sintamos orgullosos pola súa anticipación en tres séculos á toma da Bastilla, o que nos leva a afirmar solidariamente que fomos *nós* os que nos anticipamos ós franceses, nós, os galegos. Resulta sorprendente que esta idea circule entre os membros dun país máis caracterizado polo autoodio que polo chauvinismo.

Anselmo López Carreira resume perfectamente a valoración devandita dos irmandiños:

Foran tres anos de proceso revolucionario antiseñorial, primeiro de Europa pola coerenza dos seus planteamentos, exemplaridade no seu proceso e amplitude social e xeográfica. Os irmandiños foron sempre moi conscientes de que meta perseguían e contra quen dirixían as súas forzas; a finalidade política non aparece recuberta de discrepancia relixiosa nin apenas podemos albiscar rasgos de milenarismo. Afianzando unha organización modélica e aténdose ao marco social do momento puderon avanzar con facilidade e firmeza ata superalo na práctica. Todos os sectores populares se involucraron neste movemento de innegábel modernidade no que por primeira vez un Reino enteiro puxo en custión o sistema feudal (Carballo et al. 1991: 108-9).

3. *Un, entre pares*

Sen embargo é de destacar que o Mariscal non loitou do lado dos irmandiños, senón que, como o mesmo historiador indica, tivo que fuxir deles (ibid.: 107); pero é que aínda hai máis: unha vez vencidos, Pardo de Cela era da opinión de que había que darlles un forte escarmento, había que colgalos dos carballos; fronte á opinión máis benévola do Conde de Lemos, quen argumentaba que el non se mantiña de carballos, co que xustificaba unha actitude máis tolerante.

No que os dous coincidirán, posteriormente, é en que se insubordinarán contra os Reis Católicos, e tamén no ano do seu falecemento, 1483. Pedro Álvarez Osorio en plena guerra contra os reis, aínda que morra de morte natural; e Pedro Pardo de Cela executado despois dun conflito longo, iniciado en 1479. Nesta mesma tesitura, atópase outro mariscal coetáneo deles, o Conde de Camiña e Vizconde de Tui, don Pedro Álvarez de Soutomaior, quen tamén tivera que emigrar desde Galicia ante a presión dos irmandiños, pero que a partir da primavera de 1469 encabezaría o seu aplastamento. Lamentablemente para el poñerese nas loitas pola sucesión á coroa do lado de Xoana a Beltranexa e non de Isabel a Católica, polo que rematará novamente en Portugal en 1485, ano no que tamén cae en Ponferrada Rodrigo Henriquez de Castro, sucesor de Pedro Álvarez Osorio. De xeito que no ano 1486 nada lles impide ós Reis Católicos viaxar a Santiago de Compostela, unha vez sufocadas todas as resistencias, ou como López Carreira di: “Esta pode ser a data simbólica da sumisión de Galicia”, demostrando unha vez máis a necesidade de atopar un fito simbólico.

4. *Máximo común divisor entre mariscals e irmandiños*

Podería pensarse que existe unha gran contradición cando un mesmo galego lo a irmandiños e, ó tempo, admira estes condes, pedros, mariscals, ou como Carballo Calero (1990: 123-4) prefire chamarlle: “pró-homes” ou “super-homes”.

Efectivamente, a historia móstranos que os seus bandos eran radicalmente contrarios, e que mesmo entre eles non había acordos unánimes, do mesmo xeito que os reis se servían alternativamente de uns ou doutros segundo as circunstancias. A historia das intrigas, das sucesións e dos bandos é realmente complexa, pero o que a fai aínda máis escura é a distancia cronolóxica entre os feitos e o Rexurdimento das letras galegas. A historia *oficial*, a mesma que xustificaba a “doma e castración” do Reino de Galicia, xa non podería ser válida desde que o romanticismo reivindicaba a existencia dos pobos e indica como camiño esencial na súa rehabilitación o estudo do pasado.

Desde Galicia, o estudo deste período ponte, como momento óptimo para a explicación do presente, interesará especialmente, habida conta do esplendor medieval e da decadencia moderna. E neste labor destacará sobranceiramente o traballo de Vicetto, quen empregará a documentación ó seu alcance para tratar de recompor o que fora a historia galega. Un deses materiais será o constituído polas crónicas de Vasco da Ponte (Lourenzo, Pillado Mayor 1979: 75-77). Outro, as lendas que circulan secularmente sobre os sucesos, como indica Carballo Calero (1981 [1975]: 590). Dúas son as obras históricas de Vicetto que formalizan esta visión heterodoxa: a súa *Historia de Galicia*, publicada entre 1861 (con problemas de censura no ano 1867) e 1873, e a súa historia novelada *Los hidalgos de Monforte*, publicada na Coruña en 1903.

Pero tamén os irmandiños como os pro-homes tiñan algo en común, algo que se converterá en esencial desde o romanticismo tanto para os provincialistas como para os rexionalistas, e logo para os nacionalistas: todos eles se enfrontaron cos reis de Castela e perderon: os irmandiños cando deixaron de interesar a Henrique IV, os pro-homes cando se sublevaron contra Isabel a Católica. Velaí o punto crítico común que permitiu reunilos a todos nun grupo.

5. *A penetración da materia desde a literatura popular*

Era inevitable que a atención de Vicetto se centrase en don Pedro Pardo de Cela, toda vez que a el chegou noticia da lenda, obra do pobo, e como tal interesantísimo obxecto de reflexión para un historiador romántico.

É xeralmente coñecido o famoso *Pranto da Frouseira*, conxunto de cuartetas, aínda que o que non o é tanto son os traballos historiográficos de Álvarez Blázquez (1965) e de Filgueira Valverde (1966) sobre a literatura en torno ó Mariscal. Á luz destes traballos fica claro o material lendario do que partira Vicetto:

1) O *Pranto* mencionado en cuartetas, mais un romance escritos en torno a 1515 e transcritos no derradeiro tercio do século XVII por Fernando Saavedra Rivadeneyra.

2) Unha versión en prosa da materia anterior realizada no ano 1520 e da que dá xa noticia en 1584 Ramón Sanxurxo Pardo en *Los obispos de Mondoñedo*.

Debemos tamén citar o traballo de Carballo Calero, “Pedro Madruga no teatro galego” (1989: 38-39), quen defende a idea de que a morte do Mariscal debeu de